

Grazas pola vosa participación no curso. Déixovos o meu email e o meu móbil para o que podades precisar. Apertas.

Charo Pita: charo@santart.com

Tfno: 678852947

CURSO NARRACIÓN ORAL

Con este curso pretendemos o descubrimento da palabra lúdica, a palabra como peza esencial dun mecano lingüístico co que recrear a comunicación. Afondaremos na travesura verbal, tanto na súa parte oral como escrita, dende o xogo fónico ata a trasnada semántica, dende a onomatopea ao relato, ese esvarar que converte á palabra nun auténtico parque de atraccións onde a diversión, a exploración e a aprendizaxe se unen para ampliar as nosas capacidades expresivas.

Da palabra pasaremos ao conto. Falaremos da aventura de vivir as historias dende o cotián. Como levar de paseo ao conto, como darlle de comer, durmir con el, discutir con el, ata conseguir que cada historia deixe de ser patrimonio da escrita para pasar a integrarse na nosa propia experiencia. Contar un conto do mesmo xeito que conversamos acerca das nosas vivencias, porque, queirámolo ou non, todos somos narradores inconscientes.

1.- A narración oral é unha animación á lectura?

Neste curso trataremos a narración oral como unha animación á palabra ou ás historias, sen perder de vista as posibilidades que ofrece, aínda que dunha forma máis indirecta, de estímulo lector.

2.- Como seleccionar un repertorio narrativo?

2.1.- O caderno do narrador: lugar onde anotamos todo tipo de cuestións relacionadas coa nosa actividade contística: bibliografía, ideas recibidas a través da lectura o a escoita, xogos lingüísticos, comentarios acerca da nosa experiencia práctica, fórmulas mnemotécnicas en clave persoal que nos permitan lembrar o esqueleto dun conto, as súas palabras ou intres claves

2.2.- Que contos se poden contar de xeito máis doado?

- a) Os que teñen un só protagonista.
- b) Aqueles que están dotados cunha única liña de acción da que entran e saen persoeiros.
- c) Aqueles nos que pasa algo que mereza ser contado, un escorregón, un desequilibrio, unha anormalidade, é dicir, un conflito que incite ao oínte a querer saber máis.

2.3.- A ter en conta:

- Á hora de elixir un conto para contar é interesante deixarse guiar pola subxectividade, é dicir, por aquilo que nos gusta.
- PERO Non todo o que nos gusta é susceptible de ser narrado.
- Para empezar a narrar resulta cómodo elixir historias de duración intermedia (entre 4 y 10 minutos). Un relato excesivamente corto require unha maior precisión narrativa, e, pola contra, un longo esixe un maior número de rexistros tanto vocais como estruturais para non caer na monotonía.
- Os contos tradicionais ofrecen en xeral un gran número de historias de duración e estrutura asequibeis para empezar.
- Un conto oral non ten título nin idade. Con respecto a isto, non é a historia en si propia a que se axusta a un determinado tipo de oínte, senón a forma de narrala: canto máis novos sexan os niños, máis necesidade haberá dun desenrolo sinxelo.
- Pode resultar moi interesante e moi estimulante experimentar con temáticas pouco tratadas, por exemplo, a morte, o sexo...

3.- Como pasar dun conto escrito a un conto oral?

- 3.1.- Lectura repetida do texto escollido.
- 3.2.- Baleirado do texto: eliminar todo aquilo que non aporte nada ao desenrolo da historia, o puramente ornamental e prescindible.
- 3.3.- Configuración do esqueleto: estrutura esquematizada do imprescindible.
- 3.4.- Maduración do esqueleto á marxe do conto escrito.
- 3.5.- Reconstrución persoal da historia.
- 3.6.- Elaboración de detalles.

4.- Como facer nosa unha historia que nos gusta?

4.1.- Elección da persoa narrativa.

- 1ª persoa: facilita o ambiente de intimidade e o to de conversación. Reforza a verosimilitude.
- 3ª persoa: perfecto para contos de carácter mítico. Reforza a idea de afastamento e atemporalidade.
- 1ª e 3ª persoa: posibilita la mestura do persoal e o mítico.

4.2.- Fórmulas de inicio.

- Tradicionais: tipo "había unha vez", predispoñen a un relato fabuloso.
- De proximidade : tipo: "contoume un amigo", "aconteceu unha vez". Reforzan la credibilidade do oínte.
- Lúdicas: propoñer unha adiviña o ensinar un obxecto relacionado co que se vai contar. Axudan á interacción cos oíntes
- A ter en conta: o conto é unha gradación cuxo punto culminante (clímax) debe alcanzarse no remate. Se empezas a historia creando expectativas impresionantes, despois debes dar a talla, senón o interese decae.

4.3.- Desenvolvemento.

- *Mecanismos de atención:*

a) *Internos:*

- Utilización de palabras insólitas : ex. "vouvos contar a historia de como me pariron...", ou argalladas: tipo Abracadabra. Importante: non ter medo a utilizar vocabulario descoñecido. Non infantilizar nunca a expresión.
- Cometer un erro voluntario: ex. "...Carapuchiña azul dixo..."
- O refrán: relaxación na cantidade de información emitida, o que permite un descanso ao oínte. Importante: se o refrán repítese en exceso perde funcionalidade, aborrece, polo que ás veces resulta eficaz establecer unha variación mínima.
- Introducir unha pregunta cuxa resposta sexa concreta, para evitar posibles dispersións en torno a ela que dificulten a consecución da historia.

b) *Externos:*

- Falar baixo, como quen murmura un segredo.
- Falar alto aludindo a un interlocutor imaxinario.
- O silencio controlado. Provoca inqueda e acrecenta a arela e o interese do oínte. Hai que manexalo con coidado para evitar unha ruptura no ritmo narrativo.

- a participación activa do oínte a través dunha pregunta, un xesto a imitar ou un obxecto a ensinar. Importante: calquera destes tres elementos debe estar perfectamente integrado na narración para evitar un desvío de atención que leve ao público a crearlle intereses alleos á historia.
- O espazo: un ambiente cálido, cómodo, cunha boa acústica, unha focalización visual centrada no narrador, unha colocación adecuada dos oíntes (de costas sempre a calquera núcleo de posible interferencia), facilita o bo desenrolo da narración.
- A receptividade do narrador cara ao oínte, cara aos seus comentarios e reaccións, integrándoos, incluso, no relato. Importante: a narración oral xurde da interacción entre narrador e público.

4.4.- Fórmulas para o remate.

- Tradicionais: tipo "e con isto e un biscoito ata mañá ás oito".
- Pregunta sen resposta.
- Circular: remátase como se empeza.
- Aberto.

4.5.- Actividades paralelas á preparación dun conto.

- Lectura doutros relatos da mesma tradición ou do mesmo autor.
- Documentarse en torno á época, o tema...
- Xogar co dicionario. Xogos de lóxica, de palabras....

5.- **O narrador.**

Hai que ter en conta:

- O narrador E omnipotente, é o único que o sabe todo acerca da historia, por tanto pode manexala ao seu gusto. Pode equivocarse. O único que ten que facer é integrar o erro intentando manter no posible a coherencia interna do relato.
- Posto que a narración oral é algo gratuíto, ou sexa, feito coa finalidade de crear un momento grato, evitar a ensinanza moral, así como la utilización do conto cunha orientación didáctica concreta. Narrar un conto é unha actividade que se xustifica por si propia. Deixemos un lugar na aula par o pracer.
- Aproveitar as posibilidades persoais para desenrolar un estilo propio. Intentar fixar dun xeito orgánico aquilo que funciona.
- Mirar ao público para que se sinta aludido.
- Evitar os tics verbais e corporais.
- Elixir unha forma cómoda para narrar. Evitar as posturas pechadas que impiden reaccións orgánicas, movementos fluídos, ao tempo que favorecen os tics corporais.
- Cando se empeza unha historia hai que rematala.
- Asumir os erros, reflexionar sobre eles e, sobre todo, non desanimarse.

6.- **A visualización**

Cando contamos non só utilizamos o poder significativo das palabras, senón tamén a súa capacidade de suxestión. É importante facer visible o que se quere contar. Á veces sobran as

palabras e cobra relevancia a expresividade do xesto. Isto permite descansar ao que escoita e dá ao relato unha densidade maior. Amosar o que se quere dicir é máis eficaz que explicalo todo. Resulta moitísimo máis revelador ver un personaxe desesperado que facendo unha reflexión sobre a desesperación. Para traballala visualización tomade como referencia los adxectivos, prescindide de eles e utilizádeos do mesmo modo que los actores usan as acotacións do texto teatral, isto é, como un apunte acerca da situación emocional do personaxe, algo que non se di, pero se ve. Para isto tendes como base a vosa propia bagaxe emocional: o persoeiro entristécese, enfádase, alégrase, abráiase, chora, ri, rifa a través de vos.

BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA CURSO OURENSE

LENDAS URBANAS

<http://www.weblitoral.com/entrevistas/jose-manuel-pedrosa>

<http://iesaugustobriga.juntaextremadura.net/memoria/leyendasurbanas/Veronica-origen.html#Langlois> (Estudo sobre a Verónica e ampla bibliografía sobre lendas urbanas)

TRABALINGUAS GALEGO

Ía eu e ía a aia ao Eo.

E a aia ía ao Eo.

E ao Eo ía eu.

FILOSOFÍA

- González Calero, Pedro: Filosofía para Bufones, editorial Ariel.
- Smullyan Raymond: La dama o el tigre y otros pasatiempos lógicos, ed. Cátedra
- Smullyan Raymond: ¿Cómo se llama este libro? El enigma de drácula y otros pasatiempos lógicos.

Un dos contos de “La Dama y el Tigre” podédelos atopar neste link

http://mosaicos.50webs.com/materiales/opcion_fisico_matematico/LaDamaOelTigre.pdf

HISTORIA

- Zweig Stephan: Momentos estelares de la humanidad, ed. Acantilado
- González Ruiz, D. : Breve historia de las leyendas medievales, ed. Nowtilus
- Merino, J M : Leyendas españolas de todos los tiempos, ed. Siruela
- El arte de volar, Manuel Altarriba y Kim (cómic)
- Paracuellos de Jarama, Carlos Gimenez (cómic)

EDUCACIÓN FÍSICA

Mateu Serra, Mercé: 100 ejercicios y juegos aplicados a las actividades corporales y de expresión, ed. Paidotribo

WEBS DE ARTISTAS PLÁSTICOS QUE UTILIZAN O LIBRO COMO MATERIA CREATIVA

<http://www.titerescachirulo.com/librosfantasticos/>

www.mikestilkey.com

CURTA DE JIMMY LIAO : Un peixe cun sorriso

<http://www.youtube.com/watch?v=haUYU037UmI>

Álbums ilustrados (ordenados por editorial e colección)

ALFAGUARA

-Colección Alfaguara Infantil

- Ende, Michael: Tranquila Tragaleguas
- Holmelund Minarik, Else: Osito
- Lobel, Arnold **Moi recomendable para cativos de infantil e 1 ciclo primaria**
 - El Búho en su casa
 - Sapo y Sepo
 - Sopa de ratón
 - El saltamontes viajero

- Col. Próxima parada Reeditado en Kalandraka

- Holzwarth, Werner: a toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza.
- Arnold Lobel: Historias de ratos

BAÍA EDICIÓN

- Miguel Vázquez Freira: María é Maior

BÁRBARA FIORE (**moi recomendable para amantes dos libros fermosos**)

Shau Tan: Emigrantes

El Árbol Rojo

La Cosa Perdida

Jimmy Liao: Hermosa Soledad

Desencuentros

Secretos en el Bosque

El Sonido de los Colores

Wolf Erlbruch: El Pato y la Muerte

Suzy Lee: La Ola

BROSQUIL

- Charo Pita: Alguien de Alguna Parte

ALGAIDA

- Col. Cuentos de la Media Lunita

- **Rodríguez Almodóvar, Antonio (adapt) Boas adaptacións de contos tradicionais:**
 - El bello durmiente
 - El castillo de irás y no volverás
 - El gallo Kirico
 - Garbancito
 - El ratoncito Pérez

ALTEA

-Col. Altea Benjamín

- Bichonnier, A. : El monstruo peludo
- Heine, Helme: El huevo más bonito del mundo.
- McKee, David: Ahora no, Fernando
Negros y Blancos
Elmer
- Yeoman, John: Rodolfo y el cumpleaños de Susi.
- Yeoman, John: La rebelión de las lavanderas
- Sendak, Maurice: Donde viven los monstruos

EDEBÉ

- Goytisolo, José Agustín: El príncipe malo

EKARÉ (ed. Moi recomendable e de prezos asequibles. Ten tamén unha colección de poesía infantil)

Arnold Lobel: El Búho en Casa

Rosen, Michel: Vamos a Cazar un Oso

FONDO DE CULTURA ECONÓMICA

- Snunit, Mijal: El pájaro del alma

EDITORIAL GALAXIA

- Xosé Antonio Neira Cruz: O Prodixio dos Zapatos de Cristal

KALANDRAKA **Editorial moi recomendable para primeiros lectores, ofrecemos algúns títulos entre outros**

- Ballesteros, Xosé (adapt) o pequeno coello branco (CoNTO FANTÁSTICO PARA CONTAR CON LIBRO POLA CLARIDADE DAS ILUSTRACIÓNS
- Bruno, Pep: conto para contar mentras se come un ovo frito
- Núñez, Marisa: a cebra Camila
- Charo Pita: Igor
- Tim Bowley: Xaime e as landras.
- Tomi Ungerer: Os Tres Bandidos
- Michael Grejniec: ¿A qué sabe a lúa?
- Tim Bowley: Amelia quere un can
- Eric Carlé: Unha eiruga moi larpeira

KÓKINOS

- MacBratney, Sam: Adivina cuánto te quiero
- Pacovská, Kveta: El pequeño rey de las flores
- Eric Carle: cualquier libro de este autor **moi recomendable para cativos.**
- Ray Bradbury: Encender la Noche
- Anita Jeran: Inés del Revés
- Rébecc Dautremer: Enamorados (**precioso**)
- Mandana Sadat: El Jardín de Babai
- **Libros con CD recopilatorios de canciones de diferentes partes del mundo, fantástica edición y letras incorporadas. Impresionantes:**
- **1.- A la Sombra del Olivo (canciones del Magreb).**
- **Canciones infantiles y nanas de babushka (canciones esclavas)**
- **Cancioncillas del jardín del Edén. (canciones infantiles judías)**
- **Cancionero infantil del Papagayo (canciones de Brasil y Portugal)**

LUMEN

- Falconer, Elizabeth : La casa que Jack construyó
- Lionni, Leo : Frederick
Nadarín
- Turín, Adela: Rosa Caramelo

OLAÑETA

- Bruchac, Joseph (adapt): Las primeras fresas

OQO outros

Editorial Moi recomendable para cativos. Ofrecemos algúns títulos de entre

- Pep Bruno: conto para contar
- Pep Bruno: A noite das mudanzas
- Pablo Albo: O Papón
- José Campanari: Sígueme
- Charo Pita: Velliñas
- Marisa Núñez: Cocorico
- Almudena Janeiro: Contos en cantos (libro con DVD y CD)

SM

- Col. Barco de vapor (serie blanca)
 - Machado, Ana María : Camilón, comilón
 - Mateos, Pilar: La bruja Mon
 - Inkiow, Dimiter: Matrionushka

ESCOLMA DE CONTOS TRADICIONALES

GALAXIA

- Maruxa Barrio: Contos Populares (Biblioteca Básica da Cultura Galega).
- X.M. González Reboredo: Lendas Galegas de Tradición Oral (Biblioteca Básica da Cultura Galega)

XERAIS **recomendables para interesados no conto tradicional**

- Reigosa, Antonio: Dicionario dos Seres Míticos Galegos
- Reigosa, Antonio: Contos Colorados. Narracións Eróticas da Tradición Oral Galega
- Reigosa Antonio: Contos Marabillosos I, II
- Reigosa Antonio: Arrepíos e outros Medos: Historias Galegas de Fantasmas e de Terror
- www.galiciaencantada.com (Enciclopedia da fantasía popular galega)

NIGRATREA **recomendables para interesados no conto tradicional**

- Camiño Noia Campos: Contos Galegos de Tradición Oral

ANAYA **Moi recomendables para interesados no conto tradicional**

- Afanasiev Cuentos Populares Rusos (4 volúmenes)
- Hermanos Grimm: Cuentos Completos (4 volúmenes)

EDELVIVES

- Col. : Mil años de cuentos

EDICIONES B

- Col. Relatos de hoy y de siempre

ESPASA CALPE

- Col. Austral Juvenil
 - Metayer, Maurice: Cuentos esquimales

EVEREST

- Col. Cascanueces

JUVENTUD

- Col. Cuentos universales
- De Prada Samper, José Manuel: Las mil caras del diablo: cuentos, leyendas y tradiciones

OLANETA

- Col. Biblioteca de cuentos maravillosos

PLAZA JANÉS

- Col. Los cuentos más bonitos

RAÍCES **Moi recomendable para buscar historias principalmente a partir de 2º ciclo de primaria**

- Bowley, Tim: Semillas al viento: Cuentos del mundo (edición bilingüe), (existe una edición en Kalandraka sólo en castellano)

SIRUELA

- Col. La Edad de Oro: Cuentos de hadas universales
 - De Prada Samper, José Manuel : Cuentos de las tierras altas escocesas
Cuentos populares irlandeses
 - Tong, Diane: Cuentos populares gitanos
 - Ana Cristina Herreros:

Cuentos Populares del Mediterráneo **Moi recomendable**

Libro de los Monstruos Españoles **Moi recomendable**

Libro de las Brujas españolas

ESCOLMA DE CONTOS MODERNOS

Para 2-3 ciclo de primaria

Alonso, Fernando: El hombrecito vestido de gris, ed. Alfaguara

Gripari, Pierre: Cuentos de la calle Broca, Ed. Espasa Calpe

Piumini, Roberto: Cuentos del horizonte, Ed. Alfaguara

Rodari, Gianni: Cuentos escritos a máquina, ed. Alfaguara

Cuentos para jugar, ed. Alfaguara

Cuentos por teléfono, ed. Juventud

Sennell, Joles : Dolor de rosa, ed. Espasa Calpe

Schubiger, Jürg: Cuando el mundo era joven todavía.

Paula Carballeira: Smara, ed. Kalandraka.

EDITORIAL PALABRAS DEL CANDIL: **moi recomendable para investigar contos para adolescentes**

- Charo Pita: A la sombra del cuento
- Pep Bruno, Pablo y Félix Albo: 99 Pulgas
- Ignacio Sanz: Las Cenas Contadas
- Nicolás Buenaventura: Cuando el hombre es su palabra.
- Tim Bowley: Cuentos de Ninguna parte (**bilíngüe**)

Práctica de la narración oral:

- Ortiz, Estrella; Contar con los cuentos, ed. Ñaque **PROXIMA EDICIÓN EN PALABRAS DEL CANDIL MOI RECOMENDABLE PARA PERSOAS INTERESADAS NA PRÁCTICA DA NARRACIÓN ORAL.**
- Pelegrín, A.: La aventura de oír; cuentos y memorias de tradición oral. **UN CLÁSICO.**
- Bovo, A M: Narrar, oficio trémulo, ed. Atuel
- Rodari, Gianni: La gramática de la fantasía, ediciones del Bronce
- Martín Taffarel, Teresa: El Tejido del Cuento, Ed. Octaedro.

EDUCACIÓN E ANIMACIÓN LECTORA

- Pennac, Daniel: Como unha novela, editorial Anagrama.
- Marina, JA: La inteligencia fracasada, editorial Anagrama

Recopilaciones de folklore infantil

- Bravo-Villasante, C.: Pito, pito colorito: folklore infantil, ed. Olañeta
- Medina, A: Pinto Maraña: juegos populares infantiles, ed. Susaeta
- Reviej, C y Soler, E: Cantares y decires: antología del folklore infantil. Ed. SM

CÓMIC

Para Adolescentes (últimos cursos ESO e BAC):

- Marjane Satrapi: Persépolis (a historia de una niña-adolescente en Irán)
- Miguel Anxo Prado: De Profundis (só música e imáxenes)
- Miguel Anxo Prado: Fragmentos de la enciclopedia délfica (ciencia-ficción)
- Miguel Anxo Prado: Stratos (ciencia-ficción)
- Miguel Anxo Prado: Trazo de Tiza
- Paco Roca: Arrugas (curiosa e fermosa historia sobre a vellez)

- Díaz Canales: Blacksad (tres volúmenes, estilo cine negro)
- Abolin, Georges: Donde no alcanza la mirada (aventuras)
- Frederik Peeters: Píldoras Azules (impresionante historia sobre o sida e o amor)
- Hugo Pratt: Cortomaltés (serie de libros de aventuras)
- El arte de volar, Manuel Altarriba y Kim
- Paracuellos de Jarama, Carlos Gimenez

CINE

Infantil:

Director: Miyazaki

Ponyo en el acantilado **MOI RECOMENDABLE**

Mi vecino Totoro **MOI RECOMENDABLE**

Director: Michel Ocelot

Kirikú y la bruja

Primaria:

Director: Michel Ocelot

Kirikú y la Bruja

Kirikú y las Bestias Salvajes

Azur y Ashmar

John Sayles

El Secreto de la Isla de las Focas

Miyazaki:

El viaje de Chihiro

Últimos cursos primaria ESO

John Sayles

El Secreto de la Isla de las Focas

Tim Burton:

La Novia Cadáver

Pesadilla antes de Navidad

Cortometraje: Binta y la Gran Idea, dirigido por Javier Fesser en la película En el Mundo a Cada Rato **Moi recomendable**

Director: TjByambaasuren Davaa y Luigi Falorni

La Historia del Camello que Lloro

Últimos cursos ESO, BAC

Director: Ignacio Vilar

Pradolongo

Marjane Satrapi: (también en cómic)

Persépolis

Director: Richard Linklater
Antes del Amanecer

Director: Jonathan Dayton
Pequeña Miss Sunshine

INTERNET

REVISTA ONLINE SOBRE NARRACIÓN ORAL ASOCIACIÓN AEDA :

<http://issuu.com/aeda.narracionoral/docs/elaedo1?mode=window&viewMode=doublePage>

BIBLIOGRAFÍA CHARO PITA

Maxia, ED. OQO

Velliñas, ED. OQO

O arco da vella, ED. XERAIS

A LA SOMBRA DEL CUENTO, ED. PALABRAS DEL CANDIL (Cuentos para adultos)

Alguien de alguna parte, ED. BROSQUIL

Igor, ed. Kalandraka

ARTÍCULO SOBRE O SILENCIO: <http://narracionoral.es/2011/10/04/%e2%80%a6-%e2%80%a6-%e2%80%a6-%e2%80%a6y-sin-embargo-silencio%e2%80%a6-%e2%80%a6-%e2%80%a6-%e2%80%a6/>

CURTA

Curtametraxe de animación feita a partir do libro Alguén de Algures da editorial

Brosquil:

<http://vimeo.com/23730208>

ANOTACIÓNS FINAIS

Todos estes datos que vos mando, teñen que ser investigados e sometidos ao voso criterio persoal, atendendo as necesidades precisas de cada grupo de alumnos e aos vosos gustos particulares.

Os libros que están en vermello son os que, ao meu entender, teñen mellor acollida entre os de infantil, aínda que non de xeito exclusivo. Moitos dos recomendados para primaria, así como as escolmas de contos tradicionais poden ser utilizados tamén para nenos de 3, 4 e 5 anos.

AS EDITORIAIS **BÁRBARA FIORE E LIBROS DEL ZORRO ROJO** presentan libros de enorme beleza plástica e, ás veces, propostas arriscadas. Botádelles unha ollada. Paga a pena.